



CONCELLO DE NARON

Reunidos na Casa do Concello, o día 20 de abril de 2018, ás 11,15 horas, constitúese a mesa de contratación para a adxudicación do contrato denominado "Servizo de limpeza xeral, mantemento dos terreos de xogo e control de accesos ao Estadio de Río Seco" formada por D. Guillermo Sánchez Fojo (Alcalde Accidental), que actuará como presidente; D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli (Secretario da Corporación); D. Pablo Freijomil Ojea (Técnico departamento Intervención); D. Rafael Flores Veiga, (Administrador Xerente do Servizo de Deportes); D. Román Romero Franco (concelleiro delegado de deportes), que actuarán como Vogais, e por último D. Ignacio Mazaira Garro, que actúa como Secretario da Mesa.

A Mesa antes de proceder a abrir en acto público os sobres "B", correspondentes a oferta técnica, procede á verificación das declaracións responsables da súa capacidade para contratar coa Administración, admitindo a todas as empresas que presentaron oferta para esta licitación:

- Limpiezas Manser S.L.
- Jardinería Arce S.L.
- Clece S.A.

Aos efectos do disposto no artigo 27 do R.D.L. 817/2009 de 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de 30 de outubro, de contratos do sector público e cláusula 11.2 do prego de condicións administrativas particulares que rexe este contrato, procedeuse, pola presidencia e en acto público, á apertura dos sobres "B" Documentación técnica para a valoración dos criterios de adxudicación que dependen dun xuízo de valor, presentados polas empresas arriba indicadas.



CONCELLO DE NARON

Estas propostas remitiranse aos servizos técnicos municipais para o seu informe, unha vez redactado este, a Mesa volverá a reunirse para proceder á valoración dos criterios técnicos, en cumprimento do artigo 25 do Regulamento da Lei 30/2007 de contratos do sector público.

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as once horas e vinte e oito minutos da data indicada no encabezamento, redactándose a presente Acta, de cuxo contido eu o Secretario dou fe, asinando comigo os membros da mesa.

Guillermo Sánchez Fojo

Alfonso de Prado Fernández-Canteli

Pablo Freijomil Ojea

Román Romero Franco

Ignacio Mazaira Garro